



**CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE,
TRANSPORTE E
SEGURIDADE**

ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AUTOTAXI DA CIDADE DE VIGO

ARTIGO 1

1. A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación do servizo urbano de transporte de viaxeiros e automóbiles de aluguer con conductor, denominados "autotaxis" dentro do termo municipal de Vigo.
2. Considéranse autotaxis os vehículos que prestan servizos medidos por contador taxímetro en solo urban ou urbanizable, definido de conformidade con a lexislación urbanística ou comuniquen núcleos diferentes dentro do termo municipal.
3. No non previsto na presente Ordenanza ou nas súas disposicións complementarias, serán de aplicación directa as normas do Regulamento Nacional dos Servizos Urbans de Transportes en Automóbiles Lixeiros, aprobado por Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, e as súas modificacións aprobadas por Real Decreto 1080/89, de 1 setembro, Real Decreto 236/1983, de 9 de febreiro.

INTERVENCIÓN MUNICIPAL

ARTIGO 2

O Concello intervirá no servizo de autotaxis a través dos seguintes medios:

- Sometimento a licenza municipal previa.
 - Fiscalización da prestación do servizo.
 - Informe sobre a solicitude de revisión de tarifas do servizo.
 - Ordenanza fiscal reguladora das taxas.
 - Disposicións complementarias para a prestación do servizo.
- Ordes individuais constitutivas de mandato para a execución dun acto ou a prohibición do mesmo.



**CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE,
TRANSPORTE E
SEGURIDADE**

ARTIGO 3

As disposicións complementarias que poderá dicta-lo Concello referiránse, entre outras, ás seguintes materias:

1. Publicidade.
2. Turnos de vacacións, e de descansos.
3. Tumos diarios de permanencias no servicio.
4. Identificación e características dos autotaxis.
5. Estacionamiento en paradas e adscripción de vehículos as mesmas.
6. Servicios por chamadas telefónicas ou radio-telefónos.
7. Control rexistral de vehículos, titulares e conductores.
8. Zonificar a cidade para mellorar a prestación do servicio así como coordinarlo có servicio público de autotaxi e có transporte urban público de viaxeiros.

A aprobación de calquera norma ou disposición complementaria comunicaráse ó Consello Municipal de Transporte.

ARTIGO 4

As ordes individuáis constitutivas de mandato poderán referirse, entre outros extremos, a:

1. Determinación de paradas fixas e do número de vehículos que poderán situarse en cada unha delas.
2. Ordenación de servicios especiais e extraordinarios e designación dos vehículos que deban préstalos.
3. Cumprimento dos preceptos da presente Ordenanza e das disposicións complementarias dictadas para a súa aplicación.

ARTIGO 5

As competencias municipais corresponden ós seguintes órganos:



**CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE,
TRANSPORTE E
SEGURIDADE**

- O Concello-Pleno:

- A) Acorda-la ampliación do número de licencias existentes.
- B) Sinala-los requisitos xerais e especiais que teñan que reunir, en cada caso, os aspirantes as licencias polo procedemento de concurso.
- C) A aprobación das Disposicións Complementarias da prestación do servizo.

- A Alcaldía:

- A) A concesión das licencias que queden vacantes ou se amplíen.
 - B) A retirada das licencias nos casos previstos na Ordenanza.
 - C) A concesión ou retirada dos permisos para conduci-los vehículos do servizo público, e a súa renovación.
 - D) Autoriza-la transmisión das licencias nos supostos que procedan, de acordo coa presente Ordenanza.
 - E) A concesión das autorizacións para adscribi-los vehículos as licencias e para a súa substitución.
 - F) A imposición das sancións previstas na Ordenanza.
 - G) Dicta-las ordes individuais constitutivas de mandato.
 - H) Fixar ou modifica-las paradas do servizo de autotaxi.
- Todas aquelas outras facultades que non estean expresamente outorgadas por esta Ordenanza ou por disposicións de rango superior ó Alcalde, corresponderán ó Pleno.

LICENZAS

ARTIGO 6

A concesión das licencias para exercer-los servizos de transporte urbano de viaxeiros, para adscribir vehículos ás mesmas e para conducirlos, é competencia do Concello, que a exercerá na forma prevista na Ordenanza.



**CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE,
TRANSPORTE E
SEGURIDADE**

ARTIGO 7

A prestación do servizo publico regulado na presente Ordenanza estará suxeita á previa obtención de licenzia municipal, que se outorgará de conformidade e cos requisitos esixidos no Regulamento Nacional dos Servizos Urbanos de Transportes en Automóbiles Lixeiros vixente en cada momento, coas especificacións contidas na Orden de 4 de febreiro de 1993 que desenvolve o Regulamento da Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres.

ARTIGO 8

I. As licenzias serán intransmisibles salvo nos seguintes casos:

- a) Por falecemento do titular, a favor do seu cónxuxe viúvo ou herdeiros lexítimos.
- b) Cando o cónxuxe viúvo ou os herdeiros lexitimarios e o xubilado non poidan explota-las licenzias como actividade única e exclusiva, poderá transmitila a favor dos solicitantes reseñados no artigo 12 do Regulamento Nacional, tendo, en todo caso, dereito a tanteo calquera outro herdeiro forzoso en posesión do carnet de conductor municipal.
- c) Cando ó titular da licenzia lle sexa declarada unha incapacidade laboral polos Tribunais ou Organismos competentes, que lle impidan o exercicio da profesión.
- d) Cando o titular da licenzia a houbese ostentado durante cinco anos como mínimo, se ben neste caso non poderá o transmitente adquirir "intervivos" nova licenzia municipal no prazo de dez anos por ningunha das formas prescritas na presente Ordenanza.

II. As transmisións a que se retire o apartado I.c) anterior, realizaranse a favor de conductores asalariados de titulares de licenzia que prestan servizo con plena o exclusiva dedicación na profesión, acreditada mediante a posesión e vixencia do permiso municipal de conductor, e a inscrición e cotización, en tal conceso, na Seguridade Social.

III. Nos casos previstos no apartado I.d) anterior, os adquirentes deberán acredita-lo exercicio da profesión como conductor, nas condicións esixidas no parágrafo anterior, por un período mínimo de un ano.



**CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE,
TRANSPORTE E
SEGURIDADE**

PROCEDIMENTO DE TRANSMISIÓN DE LICENZAS

ARTIGO 9

As transmisións de licencias que se realicen contravindo o disposto nos artigos anteriores, serán causa de revocación da licencia pola Corporación. previa tramitación do correspondente expediente, que poderá iniciarse de oficio, a instancia das Centrais Sindicais e Asociacións Profesionais da localidade ou de calquera outro interesado.

DURACION, CADUCIDADE E REVOCACIÓN DE LICENZAS

ARTIGO 10

1. As licencias terán duración indefinida, sen prexuízo das causas de caducidade, revocación e anulación establecidas no Regulamento Nacional e na lexislación xeral de Réxime Local.
2. A licencia caducará por renuncia expresa do seu titular.
3. A Corporación declarará revocada a licencia e retiraráa o seu titular polas causas seguintes:
 - a) Polas causas previstas nos apartados c) e f) do artigo 51 do Regulamento Nacional.
 - b) Deixar de prestar servizo ó público durante 30 días consecutivos, ou 60 alternos durante o período de un ano, salvo que se acrediten razóns xustificadas e por escrito perante a Corporación.
 - c) Non te-lo titular da licencia póliza de seguro en vigor.
 - d) O arrendamento, aluguer ou apoderamento das licencias que supoña unha explotación non autorizada por esta Ordenanza, e as transferencias de licencias non previstas pola mesma, aínda que o feito sexa denunciado polo titular.



**CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE,
TRANSPORTE E
SEGURIDADE**

- e) O incumprimento das obrigacións inherentes á licenza e demais disposicións que fagan referencia á propiedade do vehículo.
- f) A contratación de persoal asalariado sen o necesario carnet municipal de conducir e sen a alta e cotización a Seguridade Social.

DOS VEHÍCULOS

ARTIGO 11

O titular da licenza ten que ser propietario do vehículo que se propoña para presta-lo servizo, que deberá figurar como tal no Rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico.

Os propietarios dos vehículos deberán concertar, obrigatoriamente, a correspondente póliza de seguros que cubrirá os danos a viaxeiros ou a terceiros con responsabilidade civil ilimitada.

ARTIGO 12

Os titulares das licencias poderán substituí-lo vehículo adscrito as mesmas por outro máis moderno ou de superiores condicións, sempre que supoña mellora para o servizo, reúna as esixencias desta Ordenanza e se obteña unha autorización do Concello de Vigo, previo pagamento dos dereitos e taxas correspondentes, seguíndose os mesmos trámites sinalados para o caso de posta en servizo do vehículo polo titular de unha nova licenza.

ARTIGO 13

As transmisións dos vehículos automóbiles de aluguer, con independencia da licenza municipal a que están afectos, levan implícito a anulación desta, salvo que, previamente, o transmitinte aplique a aquela outro vehículo da súa propiedade, contando para todo isto coa previa autorización a que se refire esta Ordenanza.

ARTIGO 14



**CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE,
TRANSPORTE E
SEGURIDADE**

1. Os vehículos afectos ó servizo de autotaxis deberán estar provistos de carrocería pechada, con portas de fácil acceso e perfectamente practicables para permiti-la entrada e saída.
2. Tanto nas portas como na parte posterior levarán xanelas en número suficiente para acadar a maior visibilidade, luminosidade e ventilación posibles, provistas de vidros transparentes ou estelables. As portas estarán dotadas do mecanismo convinte para acciona-los cristais que nelas ten de haber.
3. No interior dos vehículos haberá instalado o necesario alumeado eléctrico que o conductor deberá encender nos servizos nocturnos, cando suba ou descenda a pasaxe.

ARTIGO 15

Os automóviles que haxan de prestar esta clase de servizos reunirán, no momento de ser revisados polos servizos municipais para autoriza-la súa posta en servizo, como mínimo, os seguintes requisitos:

1. Han de ser novos.
2. Catro portas.
3. Capacidade mínima para cinco persoas.
4. Nas portas dianteiras levarán o anagrama de Vigo, segundo o modelo oficial que estableza a Corporación.
5. O número da licenza figurará en ámbalas portas dianteiras, na parte posterior do vehículo e na parte frontal dianteira do interior do vehículo.
Non poderán permanecer en servizo por un tempo superior a 10 anos. momento no cal se suspenderá automaticamente a eficacia da licenza, en tanto non se adscriba un novo vehículo.

ARTIGO 16



**CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE,
TRANSPORTE E
SEGURIDADE**

Os vehículos do servizo levarán a carrocería pintada coa cor e coas características que sinale a Corporación, a efectos de facilitar ó máximo a súa identificación, previa consulta coas persoas afectadas e representantes dos consumidores e usuarios.

ARTIGO 17

Para contratar e colocar anuncios publicitarios no interior e exterior dos vehículos, deberá solicitarse ó Concello a correspondente autorización polas Organizacións representativas do Sector, indicando o contido, o formato, e lugar e modo de colocación do anuncio, así coma unha relación dos vehículos nos que se va a instalar, y garantir, debidamente, cos ingresos que se obteñan da publicidade invertiranse en melloras para a prestación do servizo.

A publicidade interior irá colocada no respaldo dos ásentos dianteiros e os anuncios non serán fíxos nin de adhesión directa, senon que disporán dun soporte, a fin de que poidan ser colocados ou retirados, a decisión do titular da licenza.

A publicidade exterior irá colocada na parte frontal inferior da luneta traseira, de forma que no perxudique a visibilidade do condutor a través do espello retrovisor interior do vehículo, puidendo ubicarse ó longo das portas traseirás, mediante unha banda de 20 cm. de ancho e a lonxitude do ancho da porta traseira.

Para que o Concello poida autorizar calquera tipo de publicidade nun vehículo, é imprescindible que, tanto o titular da licenza como o vehículo, cumpran con tódalas prescricións da presente Ordenanza.

PRESTACIÓN DO SERVIZO

ARTIGO 18

1. Cando os vehículos autotaxis non estean ocupados por pasaxeiros. deberán estar circulando ou situados nas paradas sinaladas ó efecto, a non ser que haxan de se estacionar en outros lugares seguindo instrucións do usuario, ou por outras necesidades xustificadas, sempre que o lugar de estacionamiento estea autorizado.



**CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE,
TRANSPORTE E
SEGURIDADE**

2. Cando os condutores de autotaxis que circulen en situación de libre sexan requiridos por varias persoas o mesmo tempo para a prestación dun servizo, ateráanse as seguintes normas de preferencia:

- a) Persoas que se atopen na beirarrúa correspondente o sentido de circulación do vehículo.
- b) Doentes, impedidos e anciáns.
- c) Persoas acompañadas de nenos e mulleres embarazadas.
- d) As persoas de maior idade.

3. Nas paradas, a preferencia vira determinada pola orde de chegada dos usuarios.

4. Nas áreas de influencia das estacións de ferrocarrís, termináis de autobuses interurbanos, porto, aeroporto ou lugares análogos, delimitadas pola Corporación, non se poderá coller servizo fora das paradas autorizadas a tal efecto.

ARTIGO 19

1. Os vehículos autotaxis, cando non estean ocupados, xa sexa nas paradas ou en circulación, indicarán de día a súa situación de "libre", facendo visible a través do parabrisas dita palabra, a cal deberá lerse igualmente no taxímetro.

2. Durante a noite, os autotaxis para indica-la situación de libre, deberán levar encendida na parte dianteira dereita da carrocería e conectada có aparato taxímetro, unha luz verde que se apagará o se ocupa-lo vehículo, o cando estea en situación de reservado. Así mesmo, durante a noite levaráse iluminado o taxímetro de forma que a tarifa sexa visible.

3. Os condutores de autotaxis poderán levar un cartel que prohiba fumar os usuarios nos itinerarios. Tamén deberán absterse de fuma-los condutores, se a tal efecto fosen requiridos polos usuarios.

ARTIGO 20

1. Cando un pasaxeiro faga sinal para deter un autotaxi en situación de "libre" o condutor deberá para-lo vehículo no lugar apto máis próximo, se está circulando, quita-lo "libre" e non procederá a poñer en marcha o con-



**CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE,
TRANSPORTE E
SEGURIDADE**

tador do taxímetro (baixada de bandeira) ata reanuda-la marcha para empezar a cumpri-lo servico que se lle encomendé.

2. O chegar ó lugar de destino, o conductor deberá para-lo contador, e, cumprido este requisito indicará ó pasaxeiro o importe do servico.

3. Así mesmo, deberá para-lo aparato taxímetro no caso de que, durante o servico, se produza algún accidente ou avaría no propio vehículo que o interrompa.

4. Se iniciado un servico, o conductor houbera esquecido poñer en marcha o contador, será do seu cargo exclusivo o importe devengado ata o momento de adverti-la falta, aínda que fose o de remata-la carreira, con exclusión do importe de baixada de bandeira, a non ser que o pasaxeiro estea disposto a abonarlle a cantidade que, de común acordó, conveñan.

ARTIGO 21

1. O pagamento do importe do servico efectuaráo o usuario no momento en que dito servico remate,

2. Cando os viaxeiros abandoen transitoriamente o vehículo por eles alugado e os conductores deban espera-lo regreso de aqueles, poderán recabar dos mesmos, a título de garantía e contra recibo, o importe do percorrido efectuado máis media hora de espera en zona urbana e unha en descampado, esgotada a cal pederán considerarse desvinculados do servico.

3. Cando o conductor sexa requirido para esperar os viaxeiros en lugares nos que o estacionamento sexa de duración limitada, poderá reclamar destes o importe do servico efectuado, sen obrigación pola súa parte de continua-la prestación do mesmo.

ARTIGO 22

1. Os conductores de vehículos autotaxis están obrigados a proporcionar ó cliente cambio ata 2.000 pesetas; se non dispuxesen do cambio necesario por dita cantidade, abandoarán o vehículo para proveerse del, parando o taxímetro.

(Nota de Taxienvigo.com) Neste intre, o cambio é ata 20 €.

2. Os conductores dos vehículos viran obrigados a estender un recibo do importe do servico, cando o soliciten os usuarios.



**CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE,
TRANSPORTE E
SEGURIDADE**

ARTIGO 23

En caso de avaría ou accidente que faga imposible a continuación do servizo, o viaxeiro, que poderá solicita-la súa comprobación ós axentes da autoridade, deberá satisfacer a cantidade que marque o taxímetro ata o momento da avaría ou accidente.

ARTIGO 24

1. O conductor de vehículos que fose solicitado persoalmente ou por teléfono para prestar un servizo, na forma que para estas chamadas estea establecida, non poderá negarse a elo sen causa xusta.

2. Será motivo de negativa:

a) Ser requerido por individuos que desperten fundada sospeita, no caso do cal o conductor poderá solicita-la debida identificación perante os axentes da autoridade.

b) Ser solicitado para transportar un número de persoas superior ó das plazas autorizadas para o vehículo.

c) Cando calquera dos pasaxeiros se haxe en estado de embriaguez manifesta, ou baixo o efecto de estupefacientes.

d) Cando a vestimenta dos viaxeiros e os bultos, equipaxes ou animais de que sexan portadores poidan, de forma manifesta, emporcar ou deteriorar ou causar danos no vehículo.

e) Cando as maletas, equipaxes ou bultos que leven os pasaxeiros, non caiban na baca ou portamaletas.

f) Cando sexa requirido para prestar servizo por vías intransitables que ofrezan perigo para a seguridade e integridade tanto dos ocupantes e do conductor, como do vehículo.

3. O conductor de autotaxi que sexa requirido para prestar servizo a invidentes ou a inválidos, non poderá negarse a elo polo feito de ir acompañados de can guía ou cadeira de rodas.

ARTIGO 25

Os obxectos que haxase o conductor os entregará o mesmo día, ou o máis tardar dentro das 48 hora do seguinte día hábil, nas dependencias da



**CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE,
TRANSPORTE E
SEGURIDADE**

Policía Municipal ou nos lugares que se designe, detallando as circunstancias do achado e poñéndoo en coñecemento da Policía Local.

ARTIGO 26

1. Os conductores ó preta-lo servicio:

- a) Abrirán ou pecharán os cristais a indicación do usuario.
- b) Axudarán a subir e a apearse do vehículo os anciáns, doentes, inválidos e nenos.
- c) Recollerán e colocarán adecuadamente as maletas, equipaxes, e outros bultos.
- d) Encenderán a luz interior pola noite, para facilita-la subida e baixada, e o pagamento do servicio. Baixarán o volume do receptor de radio, a vontade do pasaxeiro.

2. Durante a prestación do servicio, en ningunha ocasión e por ningún concepto, os conductores proferirán ofensas ou entablarán discusións que alteren a orde, xa sexa entre sí, cos pasaxeiros. ou co público en xeral.

3. Así mesmo, deberán respetar e admiti-lo uso do dereito de cooficialidade das linguas castelá e galega que fagan os usuarios, nas indicacións necesarias para o cumprimento do servicio.

ARTIGO 27

En casos de calamidade pública ou emerxencia grave, o persoal afecto ó servicio de autotaxis así como os vehículos adscritos ó mesmo quedarán a disposición das autoridades a fin de coadxuvar á prestación do servicio público de transporte, sen prexuízo de percibi-la correspondente retribución e, no seu caso, a indemnización procedente. O incumprimento de dito precepto considerarase como falta moi grave, tanto por parte do titular da licenza como do conductor.

ARTIGO 28



**CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE,
TRANSPORTE E
SEGURIDADE**

1. A imposibilidade de prestar servizos por períodos superiores a un mes por causa de forza maior deberá ser comunicada o Sector de Seguridade, Circulación e Transportes no prazo de tres días se fose ordinarios.
2. O incumprimento desta obrigaón polos condutores non eximirá a responsabilidade os respectivos titulares das licencias.

ARTIGO 29

1. Para conducir vehículos automóbiles adscritos o servizo público regulado nesta Ordenanza será necesario haxarse en posesión do carnet municipal expedido polo Concello.
2. O obxecto de obter dito documento, o interesado deberá:
 - a) Posuír permiso de condución de automóbiles de clase B2 ou superior a esta, de acordó coas normas da Lei de Seguridade Vial.
(Nota de www.taxienvigo.com) Neste intre, carné BTP
 - b) Coñece-las vías públicas, lugares de interese turístico, hospitais, situación de locais de esparcemento, oficinas públicas, centros oficiais, principais hoteis e itinerarios máis directos para chegar o punto de destino.
 - c) Coñece-la Lei de Seguridade Vial. Regulamentos e demais normas relativas ó servizo, así como as tarifas aplicables.
 - d) Non padecer enfermidade infectocontaxiosa ou impedimento físico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión.
 - e) Reuni-los requisitos establecidos na Lei de Seguridade Vial, así como os que especialmente sinala, con tal carácter, a Xefatura de Tráfico.
3. As circunstancias expresadas nos apartados b) e c) do parágrafo anterior acreditaráanse mediante a proba de aptitude, que con periodicidade ó menos anual, convocará o Concello.
4. Coa solicitude e documentos que xustifiquen as circunstancias antes enumeradas, acompañaránse dúas fotografías tamaño carnet.
- 5.



**CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE,
TRANSPORTE E
SEGURIDADE**

ARTIGO 30

1. Os carnés de condución dos vehículo a que se refire o artigo anterior, serán revisados cada de dez anos, poidendo ser prorrogados expresamente por dez anos.

2. Ditos carnés caducarán ademáis:

- a) Por xubilación do titular.
- b) Por incapacidade ou invalidez laboral.
- c) Cando o permiso de condución fora retirado ou non renovado.
- d) Nos casos previstos na Lei de Seguridade Vial.

3. Poderán ser suspendidos ou retirados temporalmente:

- a) Nos casos de sanción previstos na presente Ordenanza.
- b) Cando fora temporalmente suspendido ou retirado o permiso de condución.

ARTIGO 31

Os conductores dos vehículos deberán presta-lo servizo de acordó coas previsións que ó respecto se recollan nas normas complementarias desta Ordenanza, cuidar do seu aspecto persoal e vestir con pulcritude.

O titular da licenzia de autotaxi comunicará ó Concello, previamente á iniciación da prestación do servizo, a contratación de cada conductor.

ARTIGO 32

1. Os vehículos afectos ó servizo deberán estar provistos da documentación seguinte:

- a) Documentos relativos ó propio vehículo e ó seu conductor.
- b) Placa co número da licenzia municipal, matrícula e a indicación do número de prazas
- c) Real Decreto-Lexislativo 339/1990 de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación a Vehículos a Motor e Seguridade Vial, e Código de Circulación actualizado.



**CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE,
TRANSPORTE E
SEGURIDADE**

- d) A presente Ordenanza, as súas disposicións complementarias e o Regulamento Nacional dos Servicios Urbanos e Interurbanos de Transporte en Automóbiles Lixeiros.
- e) Rueiro oficial e plano turístico.
- f) Impreso relativo as tarifas de prezos vixentes.
- g) Talonarios de recibos.
- h) Libro de reclamacións.

**ÍNFRACCIÓNS, SANCIÓN E PROCEDEMENTO
SANCIONADOR**

ARTIGO 33

Sen prexuízo das causas de caducidade e revocación das licencias establecidas no artigo 10 e da caducidade de carnés a que se retire o artigo 31, as infraccións que cometan os titulares de licencias e os seus condutores dependentes, clasificaránse en leves, graves e moi graves.

ARTIGO 34

1. Terán a consideración de faltas leves:

- a) Descoido no aseo persoal.
- b) Descoido no aseo interior e exterior do vehículo.
- c) As ofensas verbais ou discusións que alteren a orde.

2. Reputaránse, ademáis, faltas leves:

- a) Non facilitar cambio de moeda ata 2.000 pesetas.
- b) Abandoa-lo vehículo sen xustificación.
- c) Non levar no vehículo os documentos que se relacionan no artigo 32.
- d) Non coloca-lo impreso da vixente tarifa a vista do usuario.
- e) Non leva-lo aparato taxímetro iluminado a partir do solpor, ou non leva-las indicacións dos horarios de traballo que no seu caso se determine pola Corporación.



**CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE,
TRANSPORTE E
SEGURIDADE**

f) Non presta-lo servizo de acordo coas normas establecidas no artigo 26.

g) Non respeta-la orde de preferencia a que se refire o artigo 18.

3. Os titulares de licenza incorriran en falta leve nos supostos definidos nos precedentes parágrafos 1 e 2 cando a infracción fora cometida por eles sendo conductores, e ademáis, cando non esixan o mantemento do vehículo en debidas condicións de limpeza en todo momento.

ARTIGO 35

1. Consideraráanse faltas graves:

a) Non cumpri-las ordes concretas do itinerario marcado polo viaxeiro, percorrendo maiores distancias innecesarias.

b) Poñer en servizo o vehículo non estando en boas condicións de funcionamento.

c) Empregar palabras ou xestos groseiros e de ameaza no seu trato cos usuarios ou dirixidas os viandantes ou conductores doutros vehículos.

d) Cometer catro faltas leves nun período de dous meses, ou dez no de un ano.

e) Non asistir as paradas situadas nas parroquias durante unha semana consecutiva sen causa xustificada.

2. Tamén terán a consideración de faltas graves as seguintes:

a) Promover discusións cos axentes da autoridade ou cos pasaxeiros alterando a orde.

b) Non aceptar que o usuario faga uso indistintamente das linguas castelá e galega, nas indicacións para a necesaria prestación do servizo.

c) Confiar a outra persoa a condución do vehículo que fose entregado o seu cargo.

d) Admitir pasaxe funcionando o aparato taxímetro.

e) Non admiti-los conductores a comprobación por parte do usuario do rexistro kilométrico por aplicación da tarifa.



**CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE,
TRANSPORTE E
SEGURIDADE**

- f) Esixir novo importe de baixada de bandeira, cando o usuario rectifique o termo de carreira ou se, antes de remala-la mesma, se apeara un acompañante.
- g) Non admiti-lo núm. de viaxeiros legalmente autorizado ou admitir un núm. superior a este.
- h) Non presenta-lo vehículo a requerímentó da autoridade ou dos seus axentes.
- i) Non respecta-lo tumo de paradas.
- j) A captación de viaxeiros mediante a formulación persoal de ofertas de viaxes en andenes, vestíbulo de estación, ou escoller pasaxe de calquera outra forma fora das normas prescritas nesta Ordenanza.
- k) Carecer de espacio libre no maletreiro ou no portaequipaxes.

ARTIGO 36

1. Consideraráanse faltas moi graves:
 - a) Abandoa-lo viaxeiro sen rendi-lo servizo para o que fora requirido sen causa xustificada.
 - b) Cometer catro faltas graves no período de un ano.
 - c) Conduci-lo vehículo en estado de embriaguez.
 - d) Reter calquera obxecto abandonado no vehículo, sen dar conta délo á autoridade competente dentro das 48 horas seguintes.
 - e) A manifesta desobediencia as ordes da Alcaldía.
 - f) A comisión de delitos, calificados polo Código Penal como dolosos, con ocasión ou con motivo do exercicio da profesión.
 - g) O cobro abusivo os usuarios, ou cobrar tarifas inferiores as autorizadas.
2. Terán tamén a consideración de faltas moi graves:
 - a) O fraude no taxímetro ou conta-kilómetros, así como a falta ou rotura dos precintos regulamentarios fixados.
 - b) A negativa a estender recibo do importe da carreira.
 - c) Dar orixe a escándalo público con motivo do servizo.



**CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE,
TRANSPORTE E
SEGURIDADE**

d) O incumprimento, tanto por exceso como por defecto, das horas de traballo, descanso semanal e vacacións, e das normas de organización do servizo, e a negativa á prestación de servizos extraordinarios, especiais ou de urxencias.

e) A negativa a prestar servizo en hora e turno de traballo ou ben fora deles, indicando a situación de libre.

f) A percepción en exceso ou en defecto da tarifa, en cantidade non superior a un 25% da autorizada.

g) A prestación de servizos nos supostos de suspensión, revocación ou caducidade da licenza ou de retirada do carné municipal de conductor.

h) Os cambios nos distintivos fixados sobre o vehículo, referentes o núm. da licenza, día de descanso semanal ou calquera outro sinalado pola Corporación.

i) Conduci-lo vehículo baixo a influencia de bebidas alcohólicas ou estupefacentes.

3. Os titulares das licencias incorrirán en falta moi grave nos supostos definidos nos precedentes parágrafos 1 e 2, cando a infracción fose cometida por eles sendo conductores, e ademáis nos seguintes:

a) A conducción do vehículo por quen careza, validamente, de carné municipal de conductor de servizo público.

b) O incumprimento, tanto por exceso como por defecto, das horas de traballo, descanso semanal e vacacións, e das normas de organización do servizo e a negativa á prestación de servizos extraordinarios, especiais ou de urxencia.

c) O incumprimento, non xustificado, do disposto no artigo 27 para os casos de calamidade pública ou emerxencia grave.

d) Levar anuncios publicitarios no exterior do vehículo afecto ó servizo, sen a correspondente autorización municipal.

ARTIGO 37

1. As sancións con que poden castigarse as faltas tipificadas no parágrafo 1 dos anteriores artigos serán as seguintes:



**CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE,
TRANSPORTE E
SEGURIDADE**

A. Para as faltas leves:

Amonestación.

Suspensión da licencia ou do permiso municipal de conductor ata 15 días.

B. Para as faltas graves;

Suspensión da licencia ou do permiso municipal de conductor ata 6 meses.

C. Para as faltas moi graves:

Suspensión da licencia ou do permiso municipal de conductor ata un ano.

Retirada definitiva da licencia ou do permiso municipal de conductor.

2. En todo caso sancionarase coa retirada definitiva do permiso municipal de conducir, e se o conductor fose titular da licencia, coa súa revocación, a infracción reiterada definida no apartado e) do parágrafo 1 do artigo 36, e a definida no apartado f) do mesmo artigo.

3. As faltas tipificadas nos parágrafos 2 dos artigos 34 e 35 e nos parágrafos 2 e 3 do artigo 36 castigaránse coas sancións previstas no parágrafo 1 do presente artigo e con multa: esta última poderase impoñerse na contía de ata 5.000 pesetas para as faltas leves; de ata 10.000 pesetas para as graves e de ata 15.000 pesetas para as moi graves.

4. Cando se impoña a sanción de suspensión da licencia ou a de suspensión do permiso municipal de conductor, para asegura-lo seu cumprimento esixirase a entrega da correspondente documentación nas oficinas da Corporación, durante o tempo de duración da suspensión, así como poderase impoñerse a retirada dos distintivos que ostente o vehículo.

ARTIGO 38



**CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE,
TRANSPORTE E
SEGURIDADE**

1. Calquera persoa (particular, Central Sindical, Agrupación Profesional ou Asociación de Consumidores e Usuarios), poderá formular denuncia por feitos que constitúen infracción dos preceptos contidos nesta Ordenanza.
2. Están obrigados a formular denuncia os axentes da autoridade.

ARTIGO 39

A tramitación das denuncias que voluntariamente se formulen, axustarásese as seguintes normas:

- a) A denuncia poderá formularse verbalmente perante o axente da autoridade máis próximo ó lugar do feito, ou por escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello.
- b) Consignarásese na denuncia, ademais do núm. de matrícula do vehículo e o da licenza municipal, o nome e enderezo do denunciante, e o nome e enderezo do denunciado, se foran coñecidos, así como unha relación circunstanciada do feito, con expresión do lugar, data e hora en que fose sido apreciado
- c) Se a denuncia se presentara ante axente da autoridade, se formalizara por este un boletín de denuncia, no que se fará constar, ademais das circunstancias do feito e demais requisitos consignados no apartado precedente, se persoalmente puido ou non comprobarse por él a infracción denunciada, así como o nome e enderezo do denunciante. O boletín remitirásese ó Sector de Seguridade, Circulación e Transportes, sen prexuízo de entregar un duplicado ó denunciado se fose posible.
- d) Recibida a denuncia, notificarase ó denunciado se non se lle entregou boletín, para que expoña por escrito as alegacións que estime pertinentes dentro do prazo de 10 días, con aportación ou proposta das probas que considere oportunas. Tal notificación contera os datos previstos para o boletín de denuncia de carácter obrigatorio.

ARTIGO 40



**CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE,
TRANSPORTE E
SEGURIDADE**

O procedemento sancionador motivado por denuncia de axentes da autoridade, axustarásese as seguintes regras.

1. O axente da autoridade entregará no acto ó denunciado un boletín no que fara consta-la relación circunstancia do feito e o lugar, data e hora en que se houberse apreciado, así como a matrícula do vehículo, núm. da licenza municipal, e o nome e enderezo do denunciado, previa exhibición por éste do permiso de conducir e do correspondente carné municipal.
2. O boletín de denuncia extenderásese por triplicado exemplar (un que quedará en poder do denunciante, outro que se entregará ó denunciado, e un terceiro que se remitirá a Corporación), e será firmado polo denunciante e o denunciado, sen que a firma deste implique conformidade cos feitos que motivan a denuncia, senon, únicamente, coa recepción do exemplar a él destinado. Se o denunciado se negase a firma-lo boletín ou non supera, faráo consta-lo denunciante e a súa manifestación producirá os mesmos efectos da firma
3. Durante os 10 días seguintes ó da entrega do boletín (que salvo nos casos previstos na regra 5 deste mesmo artigo, servirá de notificación da denuncia), o denunciado poderá presentar escrito de descargo, con aportación de propostas das probas que considere oportunas.
4. Ultimadas as dilixencias encamiñadas á comprobación dos feitos. dictarásese a resolución procedente e notificarásese ó interesado, con expresión dos recursos que contra a mesma procedan, órganos perante os que houberan de presentarse, e prazo para interpoñelos.
5. Cando por razóns xustificadas, que deberán consignarse no boletín de denuncia, deixara de entregarse este ó denunciado, notificaráselle a denuncia, facéndolle saber a súa vez. o seu dereito a formular alegacións e presentar ou propoñer probas dentro do prazo de 10 días, continuándose despois o procedemento na forma sinalada nas regras precedentes.

ARTIGO 41

Tódalas sancións, incluso a de amonestación, serán anotadas nos expedientes persoais dos titulares de licenza e dos conductores.

ARTIGO 42



**CONCELLO DE VIGO
AREA DE MOBILIDADE,
TRANSPORTE E
SEGURIDADE**

Os titulares de licencias e conductores poderán solicita-la cancelación da nota desfavorable que figure no rexistro municipal correspondente, sempre que houberan observado boa conducta e cumprido a sanción, unha vez transcorridos dende a imposición desta un ano, tratándose de falta leve, e dous anos se se trata de falta grave.

DISPOSICIÓN FINAL-DERROGATORIA

A presente Ordenanza entrara en vigor ós 20 días da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, momento no que quedará derogada a actual Ordenanza Municipal dos Servicios Urbáns de Transportes en Automóbiles Lixeiros, aprobada polo Concello-Pleno en sesión celebrada o 21 de decembro de 1984.

Aprobación inicial: Pleno de 08-02-1994.

Aprobación definitiva: Pleno de 26-05-1994. Vigo.